

**CREACIÓN DUNHA POSTA EN ESCENA  
A  
PARTIR DUN FRAGMENTO DA OBRA  
*SAXO TENOR*  
DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO**

## TEXTO DE SAXO TENOR

“(…) O TÍO SAM e O HOME DA GABARDINA, *diante do magnetófono, falando.*

**O TÍO SAM:** E durmiu! Caralla que se durmiu. Ao Xudeu non lle quitaba o sono nin a morte dun rexemento, así que moito menos a daquel pobre rapaz. Se cadra porque, segundo dicían, tiña demasiadas ao lombo, de cando a guerra. E mesmo de despois, de cando foi da policía. Pódolle falar con franqueza?

**O HOME DA GABARDINA:** Espero que o faga.

**O TÍO SAM:** Non lle envexo o choio ese que ten, Johnny.

**O HOME DA GABARDINA:** (*Sorprendido.*) Cal?

**O TÍO SAM:** O de escribir para *amol*ar os outros.

**O HOME DA GABARDINA:** Hainos peores. E non todos estamos neste por iso.

**O TÍO SAM:** Veña! Non me saia agora co conto de que vostede é dos que o fai para facer valer a verdade. Eu podo estar algo tocado do siso, pero aínda sei distinguir entre un cabrón con pintas e un inxenuo. Para vostede a verdade é o de menos. Dimo este (*Sinala o nariz.*) que leva comigo toda a vida e aínda non me fallou nunca, así que non se esforce en me convencer do contrario, sería inútil.

**O HOME DA GABARDINA:** Por que o fai?

**O TÍO SAM:** O que? Dcir o que penso?

**O HOME DA GABARDINA:** Non, o que sabe.

**O TÍO SAM:** Refírese ao do tipo ese?

**O HOME DA GABARDINA:** Si, claro.

**O TÍO SAM:** Aínda non he dixer nada.

**O HOME DA GABARDINA:** Pero vai facelo, non?

**O TÍO SAM:** Chameino para iso e cumprirei co acordado.

**O HOME DA GABARDINA:** Por que?

**O TÍO SAM:** Boa pregunta, si, señor! Non sei, por tantas cousas. Gustaríame poderlle dicir que é por facer algo decente unha vez na vida, pero mentíralle. A vostede e a min mesmo. Ou porque... Creríame se lle dixese que nin eu mesmo o sei? Supoño que por unha catividade calquera. Por facer mal, por lle devolver o desaire que ese cabrón tivo hai dous anos coa Hortensia, por esa muller que mataron aquí onte...

**O HOME DA GABARDINA:** Antes dixo que morrera.

**O TÍO SAM:** Tamén He dixer que as veces o trabucaba todo. Quere saber por que fago isto, si ou non?

**O HOME DA GABARDINA:** Si, claro.

**O TÍO SAM:** Polo mesmo ca vostede, por comenencia.

**O HOME DA GABARDINA:** A min páganme por facer o que fago.

**O TÍO SAM:** A min tamén. A vostede en metálico e a min en especies. Non o esqueza: nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. E todo o pago que quero. (*Amosándolle unha foto feita anacos*) Mire o que fixo ese desgraciado coa súa foto despois de lle prometer publícala. Atopeina aquí mesmo, ao día seguinte. No chan.”

(Fragmento de *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño).

# CONTEXTO HISTÓRICO DA OBRA E VIDA DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

A obra *Saxo Tenor* foi estreada na Coruña no ano 1993 pola compañía teatral de Roberto Vidal Bolaño daquel momento, Teatro de Aquí, fundada un ano antes. Tendo en conta a complexa situación do teatro independente en Galiza, foi unha obra que acadou bastante éxito, sendo a produción independente máis ambiciosa da historia.

Roberto Vidal Bolaño foi un dos máis importantes autores da literatura dramática e da escena teatral do derradeiro cuarto do século XX, sobre todo traballando duro para que existise un teatro profesional en Galiza. Vidal Bolaño foi un renovador incansábel, unha figura fundamental para a normalización teatral, comprometido coa historia do noso teatro e considerado o autor máis significativo da nosa literatura dramática, constituíndo a súa obra un sólido legado do patrimonio artístico e cultural galego.

O grande éxito de Vidal Bolaño débese principalmente a tres factores. Roberto Vidal Bolaño foi un grande estudoso, lector e espectador de teatro. Foi un home fascinado polo mundo do espectáculo que coñece amplamente a historia da literatura e da escena. Tamén foi un gran e precoz promotor. Foi socio, coordinador, cooperativista e empresario de agrupacións e sociedades dedicadas ao mundo do espectáculo. E, principalmente, foi creador, rol que lle atribuíu moita parte dos éxitos, que non serían o mesmo sen os outros roles. Como creador, podemos falar tanto da súa faceta como home do espectáculo, e a súa faceta como literato. Traballou tanto para cine como para teatro e para a televisión, non só como actor, senón tamén como director, iluminador ou escenógrafo, alén de escritor. Isto permitiulle ter unha formación artística moi completa, dándolle aos seus espectáculos unha visión artística moi ampla.

A publicación de *Saxo tenor* supuxo unha importante ruptura cos contidos tradicionais do teatro galego. Principalmente a isto débese a súa importancia na historia do teatro galego. Superpondo os códigos estéticos e escénicos e incorporando referencias universais, nomeadamente norteamericanas. A importancia da obra desenvolve a crítica social e o realismo. Roberto Vidal Bolaño revolucionou no século XX a forma de facer teatro e deixou un legado artístico e técnico importante para o anos seguintes. Destacou polo seu labor en dignificar e profesionalizar o teatro galego.

## CONTEXTUALIZACIÓN DO FRAGMENTO DENTRO DA OBRA

A obra está dividida en cinco partes que, a súa vez, poderíamos dividir nas tres intervencións dos personaxes do Tío Sam e o Home da Gabardina e as dúas nas que acontece a actividade do lugar, que teñen escenarios distintos. Esta segunda acontece a modo de *flashback*. A primeira parte presenta a conversa que terá o Tío Sam ao longo da narración con Home da Gabardina, aparentemente nun lugar hostil. Presentan unha conversa clandestina na que o Tío Sam fala con este home ao que non coñece sobre a morte dun rapaz de 17 anos, que tivo lugar hai dous anos, e a recente morte dunha señora. Dáse a entender que o Tío Sam descobre unha información que relaciona os dous casos e contacta con este home para lle dar esa información e que este poida empregala en contra do aparente culpábel. A segunda parte comeza cando o Tío Sam narra os feitos acontecidos dous anos atrás. Presenta todos os personaxes do lugar e narra como combinarán para

veren o filme “Un tranvía chamado desexo”, mais están todos discutindo acerca de que facer co cadáver do mozo que entrara a roubar na tenda do Xudeu e que este disparáralle de forma mortal cunha escopeta, aparentemente, en defensa propia. Tamén é relevante a aparición dunha señora, que confesa ser a nai do mozo. Na terceira parte voltamos ao presente, á conversa co Home da Gabardina. Nesta escena descubrimos por que o Tío Sam está facendo o que fai. Na cuarta parte retoma o acontecido na vila. Aquí comézase a saber a verdade dos feitos. A Señora Elegante, nai do mozo, fala con Dona Hortensia. Finalmente, na quinta e derradeira parte, o Tío Sam remata de lle explicar ao Home da Gabardina, e entrégalle un sobre con toda a información que ten. Nese momento o Home da Gabardina pídlle desculpas, tira unha pistola do peto e mátao, dando a entender que traballaba para O home Serio, e que nunca se fará xustiza.

O texto escollido pertence á terceira parte. Xusto á conversa do medio entre o Tío Sam e o Home da Gabardina. Nesta conversa, o Home da Gabardina pregúntalle por que o fai e por que o fai agora. O Tío Sam contéstalle que naquel momento non tiña tanta información e que tamén tiña medo. Fala do Home Serio, do Xudeu e de como todos calaron moitas cousas que tiñan diante. Antes disto acabara de presentar a escena, e despois disto desenvolve o que pasa na escena do crime e como todos van contando pouco a pouco as leas e cousas que acontecen entre os habitantes dese lugar.

## **POSTA EN ESCENA DO FRAGMENTO**

### **ESCENOGRAFÍA E ATREZZO**


Tendo en conta a dualidade de escenarios que se alternan durante a obra, sendo un o que ten que ver coa conversa do Tío Sam co Home da Gabardina e o outro no que acontecen, a modo de *flashback*, o que pasou no lugar aquel día, creo que é preciso tamén facer esa diferenza a nivel escénico. Como o texto escollido se sitúa no primeiro dos casos, vou centrarme nesa posta en escena. A conversa vai ter lugar no proscenio, así o cambio entre unhas escenas a outras resultará máis sinxelo.

Tamén é importante salientar o ambiente da escena, pois é misterioso e hostil. Nese caso compensa que o escenario escollido enmascare o resto do escenario, alén de lle dar unha sensación de profundidade polo que o escenario se verá máis baleiro, aumentando a tensión e o misterio.

A escenografía será abstracta. Desenvolverase nun espazo baleiro, dando máis importancia aos efectos de iluminación e ao propio vestiario, texto e acción dos personaxes que ao resto. É importante apuntar que non se manterá isto ao longo da obra, pois será así só nas intervencións destes dous personaxes. Esta medida permitirá logo dar paso a unha escenografía e posta en escena máis complexa, que será a respectiva ás escenas da vila. O elemento esencial da escenografía será o efecto de néboa que asolgará o escenario, chegando mesmo a envolver os personaxes. Combinarase cunha luz tenue branca que dea a entender o momento do día que é, mais logo irá escurecendo segundo vaian pasando os acontecementos, para chegar á escena final, creando un ambiente sórdido e fúnebre. Os personaxes estarán situados nun dos lados do proscenio pois como indica a obra, atopábanse nun recuncho.

Con respecto ao vestiario, a obra fai fincapé en que un dos personaxes, o Tío Sam, é unha persoa vella e xa maior, e o outro, o Home da Gabardina é unha persoa bastante máis nova, na flor da vida. O Tío Sam irá vestido de forma casual e algo peiteado para a ocasión. A súa

personalidade leda e viva será reflexo da súa vestimenta. Levará uns pantalóns de pinzas marróns, cunha camisa azul e uns tirantes, denotando harmonía e confianza. O calzado será uns zapatos marróns sinxelos, levará óculos e o máis importante será que levará unha paxarela amarela. O Home da Gabardina, como ben indica o seu nome, levará unha gabardina negra. O resto da súa vestimenta será igual de simple, camisa, zapatos e pantalóns negros, pois como persoa debe pasar desapercibido. Non deberá amosar moito do seu carácter. Tamén levará uns óculos escuros. A continuación amoso un pequeno bosqueño do que sería a idea do escenario e posta en escena:



## ILUMINACIÓN

Con respecto á iluminación hai algo que xa comentara antes e é que, a pesar de que o ambiente que se quere xerar é bastante misterioso e abafante debido ao fume da néboa, esta estará contrastada cunha iluminación máis ben cálida. A idea é que a luz tamén dea a entender que, en realidade, é de día, a pesar dese ambiente clandestino e tenso. Haberá dous tipos de luces: unha amarela, case branca, que teña luz mais non brillo, e que ambientará o escenario e dará corpo á brétema do fume e que será luz lateral; tamén haberá outro gran foco cenital sobre os dous personaxes. A intención desta última luz será, por un lado, focalizar a atención neses personaxes e, por outro, potenciar ese efecto dramático que se procura durante toda a escena. Como non hai grandes mudanzas na escena, nin nos propios movementos dos personaxes, a iluminación manterase igual en todo momento, unicamente se pecharán todas as luces ao rematar a escena, pois haberá un cambio de escenario.

## O SON

O son estará bastante presente nesta escena, pois terá que introducir e rematar a propia narración e tamén servirá de ligazón para o cambio de escenario. Para escoller o son que soará durante o comezo e o final da escena, decidín acudir a unha referencia constante na obra: a película norteamericana "Un tranvía chamado desexo". O tema principal desta banda sonora composta por Alex North encaixa perfectamente con ese ambiente que queremos crear de misterio e tensión. Lévanos á América dos anos 50 e está formada principalmente por ritmos de jazz, perfecta como música ambiente. Será unha música ilustrativa.

O tema elixido é o principal da banda sonora "*Main Title*" ([https://youtu.be/FGpnSo49t\\_w](https://youtu.be/FGpnSo49t_w)). Comezará a soar en canto abra o pano e deixará de soar de forma gradual, cun *fade out*, xusto na primeira frase do Tío Sam (**O TÍO SAM:** *E durmiu! Caralla que se durmiu. Ao Xudeu non lle quitaba o sono nin a morte dun rexemento*). Logo voltará a soar tamén de forma gradual, a modo de *fade in*, despois da derradeira frase do Tío Sam (**O TÍO SAM:** *A min tamén. A vostede en metálico e a min en especies. Non o esqueza: nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. E todo o pago que quero. (Amosándolle unha foto feita anacos ) Mire o que fixo ese desgraciado coa súa foto despois de lle prometer*

publicala. Atopeina aquí mesmo, ao día seguinte. No chan.”).

## DIRECCIÓN DE ACTORES

Con respecto a como os actores desenvolverán a súa interpretación e xestión sobre o espazo escénico neste fragmento da obra debemos apuntar o seguinte.

Por unha parte debemos falar da actitude de cada un dos personaxes en escena. O Tío Sam móstrase como unha persoa moi común, humilde, espontánea e xa algo vella, polo que é máis pesimista ou tamén melancólico; o Home da Gabardina debe representar un personaxe serio, profesional e algo misterioso, sen dar datos moi concretos sobre si mesmo, polo que é bastante reservado e pechado, pois por moito que escoite o testemuño do Tío Sam, que dará moitos datos, non se mostrará como alguén empático, simplemente será receptor da información.

A escena comeza cos dous personaxes situados nun lado, á dereita en proscenio. O Home da Gabardina estará un pasiño adiantado e mirando máis perpendicularmente, tal é como indiquei no esquema. A idea é manter unha postura de conversa visíbel cara ao público, algo pechada corporalmente. Esta postura manterase durante o seguinte tempo da escena:

**O TÍO SAM:** E durmiu! Caralla que se durmiu. Ao Xudeu non lle quitaba o sono nin a morte dun rexemento, así que moito menos a daquel pobre rapaz. Se cadra porque, segundo dicían, tiña demasiadas ao lombo, de cando a guerra. E mesmo de despois, de cando foi da policía. Pódolle falar con franqueza?

**O HOME DA GABARDINA:** Espero que o faga.

**O TÍO SAM:** Non lle envexo o choio ese que ten, Johnny.

**O HOME DA GABARDINA:** (*Sorprendido.*) Cal?

**O TÍO SAM:** O de escribir para *amol*ar os outros.

**O HOME DA GABARDINA:** Hainos peores. E non todos estamos neste por iso.

A partir de aquí, o personaxe do Tío Sam, algo máis alterado vírase cara á súa esquerda cando pronuncia a seguinte frase:

**O TÍO SAM:** Veña! Non me saia agora co conto de que vostede é dos que o fai para facer valer a verdade. Eu podo estar algo tocado do siso, pero aínda sei distinguir entre un cabrón con pintas e un inxenuo. Para vostede a verdade é o de menos. Dimo este (*Sinala o nariz.*) que leva comigo toda a vida e aínda non me fallou nunca, así que non se esforce en me convencer do contrario, sería inútil.

E coa seguinte frase o Home da Gabardina retoma unha conversa máis calma preguntando por que fai isto, o Tío Sam e o Home da Gabardina intercambian postos en escena. Con isto evitaríamos unha escena moi monótona, pois non hai moita máis acción.

Permanecerían nesas posturas durante as seguintes frases:

**O HOME DA GABARDINA:** Por que o fai?

**O TÍO SAM:** O que? Dikir o que penso?

**O HOME DA GABARDINA:** Non, o que sabe.

**O TÍO SAM:** Refírese ao do tipo ese?

**O HOME DA GABARDINA:** Si, claro.

**O TÍO SAM:** Aínda non he dixen nada.

**O HOME DA GABARDINA:** Pero vai facelo, non?

**O TÍO SAM:** Chameino para iso e cumprirei co acordado.

**O HOME DA GABARDINA:** Por que?

**O TÍO SAM:** Boa pregunta, si, señor! Non sei, por tantas cousas. Gustaríame poderlle dicir que é por facer algo decente unha vez na vida, pero mentíralle. A vostede e a min mesmo. Ou porque... Creríame se lle dixese que nin eu mesmo o sei? Supoño que por unha cativeza calquera. Por facer mal, por lle devolver o desaire que ese cabrón tivo hai dous anos coa Hortensia, por esa muller que mataron aquí onte...

**O HOME DA GABARDINA:** Antes dixo que morrera.

**O TÍO SAM:** Tamén He dixen que as veces o trabucaba todo. Quere saber por que fago isto, si ou non?

**O HOME DA GABARDINA:** Si, claro.

**O TÍO SAM:** Polo mesmo ca vostede, por comenencia.

**O HOME DA GABARDINA:** A min páganme por facer o que fago.

**O TÍO SAM:** A min tamén. A vostede en metálico e a min en especies. Non o esqueza: nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. E todo o pago que quero. (*Amosándolle unha foto feita anacos*) Mire o que fixo ese desgraciado coa súa foto despois de lle prometer publícala. Atopeina aquí mesmo, ao día seguinte. No chan."

Finalmente, con esa última frase do Tío Sam remata a escena. Polo tanto, comezará a soar a música, porén, os personaxes non sairán de escena, serán as luces as que os fundirán coa escuridade, dando comezo á seguinte escena.

## **ASPECTOS RELACIONADOS COA POSIBLE RECEPCIÓN DO ESPECTÁCULO E O SEU PÚBLICO POTENCIAL.**

Como todo traballo escénico, a finalidade deste é ser representado perante un público. O potencial público desta obra será principalmente público de Galiza, pola lingua empregada, mais, ao contrario que moitas obras teatrais de aquí, *Saxo tenor* ten unha temática e forma de narrar bastante máis internacional, polo que estaría aberto a adaptacións. O público podería ser tanto xuvenil, como adulto. A trama ten ritmo, non é difícil de seguir e tampouco emprega un vocabulario estritamente complexo. Incluso, non é unha obra para consumidores habituais de teatro. Penso que é sinxela de comprender, polo que está dirixida a un público bastante amplo. Tamén podemos destacar que é unha obra bastante recente, polo que non precisa dunha contextualización histórica que poida ser pouco coñecida polo potencial público, alén de supor unha maior empatía por parte do público.